



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO DE 3º E 4º DE PRIMARIA PARA O CURSO 2021/2022

ORDE do 6 de maio de 2021 publicado no DOG N° 93, do xoves 20 de maio de 2021 (pax. 24.759 ata 24.797).

DESTINATARIOS:

- Alumnado que no curso 2021/2022 este matriculado en 3º e 4º de Educación Primaria.

REQUISITOS:

- Ser pai/nai/titor/a legal dun alumno/a matriculado nun centro sostido con fondos públicos.
- A asignación de libros de texto que estean dispoñibles no fondo solidario do centro efectuarase ao alumnado que participe por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias. Unha vez agotados os libros dispoñibles no fondo solidario o centro docente adquirirá os libros de texto complementarios que sexan necesarios para garantir:
 - Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: seis libros de texto.
 - Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: catro libros de texto.

SOLICITUDES:

- Presentaranse segundo o Anexo I e o ANEXO II desta orde **preferentemente vía telemática a través da aplicación Fondolibros** aínda que tamén se pode presentar nos centros educativos en que estea matriculado o/a alumno/a (por protocolo COVID en horario reducido de 9:45 a 13:30)
- A solicitude será única para todos os fillos e para todas as axudas, **unha única solicitude por familia**.
- As solicitudes serán asinadas polo pai/nai/titor legal así como por todos os membros da unidade familiar, en caso de menores deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal.
- **Prazo de presentación de solicitudes do 21 de maio ao 22 de xuño de 2021, ambos inclusive.**
- **O día 1 de xullo colgarase no tablón do colexio a lista provisional de admitidos e excluídos. O día 5 de xullo colgarase no tablón do colexio a lista definitiva de admitidos e excluídos. Asimesmo, as persoas solicitantes poderán acceder por vía electrónica ao seu expediente, a través da aplicación Fondolibros, usando Chave 365 ou certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre**

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31/12/2019, deberán presentar un dos seguintes documentos:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador
 - Certificado de convivencia (empadroamento)
 - Informe dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán achegar o certificado acreditativo do grao da discapacidade, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación
- No caso de situación de violencia de xénero documentación acreditativa.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

- Devolver os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario no curso 2020/2021. A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2021/22.
- Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2021/22 e devolvelos ao rematar este.
- Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.